

Xulio Ferreiro

Alcalde da Coruña

Nacín no barrio dos Mallos, e despois de pasar polo Martinete e por Eirís, son agora veciño da Gaiteira. Estudiei no Colexio Calasanz da Coruña, e fixen o bacharelato no Instituto Rafael Puga Ramón. Son licenciado en Dereito pola Universidade da Coruña, onde lin tamén a miña tese de doutoramento no ano 2002, co traballo titulado “A protección da vítima no proceso penal”, que se convertería en 2005 na primeira das monografías xurídicas da miña autoría. Tras realizar diversas estadias de investigación en Alemaña, EUA (por dúas veces), Chile e Bélxica, culminei a miña carreira académica e profesional accedendo á praza de Profesor Titular de Universidade no ano 2012. Entre os anos 2012 e 2015 fun Maxistrado Suplente da Audiencia Provincial de Lugo, posto ao que renunciei para presentar a miña candidatura á Alcaldía da Coruña pola Marea Atlántica.